

**PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)**

**CERTIFICO:**

Que o Pleno deste concello na sesión ordinaria celebrada o día 20 de abril de 2023 adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

**9.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE IRMANDADE ENTRE O CONCELLO DE MOAÑA E O CONCELLO DE MEIRA, E PROPOSTA DE ACTIVIDADES.**

Neste momento incorpórase novamente á sesión o Concelleiro, don Rubén Vidal Vidal.

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de abril de 2023, que copiada literalmente dí:

***“APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE IRMANDADE ENTRE O CONCELLO DE MOAÑA E O CONCELLO DE MEIRA, E PROPOSTA DE ACTIVIDADES.***

***Antecedentes:***

*O pleno celebrado o día 30 de decembro de 2021, aprobou a proposta da alcaldía sobre incoación do expediente de Irmandade entre o Concello de Meira e o Concello de Moaña, no que se adoptou o seguinte acordo:*

*-A aprobación da Irmandade do Concello de Meira co Concello de Moaña (Pontevedra),dadas as relacións existentes entre a dúas vilas.*

*-A creación dunha comisión específica para a Irmandade entre ambos concellos coa seguinte composición:*

*.Presidente: Alcalde do Concello de Meira ou persoa na que delegue*

*.Vogais: un representante do grupo político do PSdeG-PSOE e un representante do grupo político do BNG*

*.Secretaria: a da corporación*

*Vistas as actas da Comisión Específica da Irmandade, das reunións mantidas o 01-04-2022 en Meira e o 24-03-2023, en Moaña, en ambas xuntanzas perfiláronse os ámbitos de colaboración e de desenvolvemento das actividades da Irmandade, resultando como proposta o Programa de actividades da Irmandade entre o Concello de Moaña e o Concello de Meira que se achegan como Anexo I a este documento.*

***Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:***

***Primeiro: Aprobar definitivamente o expediente de Irmandade entre o Concello de Moaña e o Concello de Meira, así como o programa de actividades de Irmandade.***



**Segundo:** *Asumir o compromiso de dotar progresivamente nos vindeiros orzamentos municipais de partida específica para a Irmandade, coa finalidade de contribuír ao financiamento das actividades ou dos desprazamentos necesarios para o desenvolvemento do Programa de Irmandade.*

**Terceiro:** *Dar publicidade ao presente acordo a través da páxina web do concello, engadindo un enlace no que poder consultar o Programa de Actividades de Irmandade.*

**Cuarto:** *Dar traslado do presente acordo ao concello de Moaña.*

Visto o Anexo I do programa de actividades da Irmandade entre o Concello de Meira e o Concello de Moaña, que copiado literalmente dí.

### “ANEXO I

#### **Programa de Actividades da Irmandade entre o Concello de Meira e o Concello de Moaña**

*Como resultado do traballo da Comisión Específica da irmandade reunida o 1.04.2022 en Meira en 24.03.2023 en Moaña, defínese o seguinte programa de actividades para desenvolver de forma coordinada entre os dous concellos, en colaboración con aquelas entidades locais que desexen participar do mesmo. Por sito último, este programa poderá adaptarse cada ano en función da dispoñibilidade das asociacións ou dos colectivos participantes. Tamén poderá variar en función da evolución da relación de Irmandade, sendo posible a aparición de novas entidades interesadas en participar e contribuír á dinamización da mesma.*

*A filosofía que guía a redacción deste documento é a de consolidar unha relación entre dúas vilas galegas moi diferentes entre si, unha pequena do interior da provincia de Lugo e outra mediana da costa de Pontevedra; unha máis vencellada ao mundo agrario e outra máis mariñeira; unidas pola denominación de Meira, o Concello e a parroquia. Ambas vilas orgullosas da súa identidade e dispostas a acoller ben a quen queira desfrutar da mesma; por iso a relación de Irmandade é o marco perfecto para mostrar a potencialidade de ambas.*

*Este programa céntrase en 4 áreas de colaboración: Cultura, Promoción Económica e Turismo, Deporte, e Mocidade e Infancia. As primeiras 3 son temáticas e dirixidas a toda a poboación en xeral, se ben a última, elíxese como garante da permanencia da Irmandade no tempo; ao dirixirse especificamente ás xeracións máis novas.*

*A continuación pasamos a identificar as propostas do Programa da Irmandade entre o Concello de Meira e o Concello de Moaña:*

#### **1) Cultura:**

*Proponse o intercambio de asociacións/entidades culturais durante as Festas e os Eventos que se organicen de cada vila:*

**Festas en Meira (Concello):** *14-17 de agosto (16 despois da procesión de San Roque) 17 de agosto romaría e festa na área recreativa A Xira/ Festa da Malla (28 de agosto no ano 2023)/ Semana Santa (tamborrada o mércores e procesión do Santo Encontro no Venres Santo)/ Magostos / Corpus / Candeas (2 de febreiro, procesión dentro da Igrexa) / Capela do San Isidro de Paredes (romaría na que se comparte comida, 15 de maio).*

#### **Festas en Meira (Parroquia):**

*Festas do San Bartolomeu e do Carme (24 e 25 de agosto) Procesión e ofrenda a comisión propón que a banda ou os coros de Meira que veña a tocar ás Festas de San Bartolomeu no día do Carme / Festas da Peregrina (13-15 de agosto)/ Entroido tradicional de Meira / Arte na Illa / Festa do mexillón (1º domingo de agosto)/ Romaría de Bronlle (15 de agosto) / Feira da vida saudable (xuño).*

*Ademais, propóñense as distintas actividades:*

- Intercambio das Escolas de Música.*
- Visita ao Encontro de Embarcacións tradicionais, organizado por A.R.C. Sueste en Moaña.*
- Intercambio da Asociación Folclórica Meiramar-Axóuxeres e o grupo de gaitas de Meira.*
- Posible intercambio da Asociación de Devanceiros do Mar e da Asociación Amigos da Malla de Meira.*



CONCELLO DE MEIRA  
CIF.: P2702900H  
Praza do Concello, s/n  
27240 Meira (Lugo)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
email:concello.de.meira @eidolocal.es

- Intercambio de grupos de teatro amator.
- Intercambio das bandas de música (Festival de Bandas).
- Festival de Corais

## **2) Promoción económica e turismo:**

Neste eido propónse o intercambio das entidades e persoas vencelladas á promoción económica (artesanía, hostalería, comercio, produción...) e tamén a capacidade do turismo para potenciar as dúas vilas. As propostas son as seguintes:

- Intercambio de artesáns e produtor@s nas Festas da Malla e en Arte na Illa
- Ruta guiada polas canteiras do litoral de Meira (Moaña). Ruta da Moaña Mariñeira: mariscadoras/bateas/as carreiras. Ruta á Torre de Meira. Ruta literaria vencellada á novela “O último barco”, de Domingo Villar.
- Visitas guiadas en Meira: ao Mosteiro, ao Pedregal e rutas literarias vencelladas ao autor Avelino Díaz.
- Organizar unha mostra da festa do mexillón en Meira (no concello) e unha mostra da Festa da Malla en Meira (parroquia).
- Hostalería: facilitar o contacto á veciñanza dos locais nos que poden comer ou aloxarse.
- Organizar campamentos xuvenís
- Intercambios Clubs Persoas Xubiladas
- Intercambios de asociacións de comercio e hostalería, con eventos que promovan os intercambios de iniciativas.
- Contar con información turística dos dous concellos e da Irmandade nas oficinas de turismo de ambos, publicitando os eventos dun concello tamén no outro.

## **3) Deporte**

Na área de deporte propónse o intercambio das entidades existentes nunha vila e na outra que poderían resultar compatibles á hora de realizar un intercambio:

- Partido de fútbol.
- Carreiras Populares.
- Deporte tradicional: Club de Bolos e Billarda (Concello de Meira)/ Petanca e Tiro á Chave (Concello de Moaña).
- Visita ás regatas da parroquia de Meira.
- Participación na ruta Miño-Eo
- Exhibición de Agility

## **4) Infancia e Mocidade**

Promover o intercambio do alumnado dos colexios de educación primaria e dos institutos, coa intención de que a xente moza e a infancia coñezan a relación de Irmandade e as potencialidades dunha e doutra vila. Desde a Comisión propónse que a temática central destes intercambios xire entorno a arte: cine, banda deseñada, murais, etc.; mais queda aberta a que sexa a propia comunidade educativa a que escollo a orientación das actividades a compartir.”

Non habendo intervencións o Pleno por oito votos a favor correspondentes aos seis concelleiros do Grupo Político do PSdeG-PSOE, o voto do concelleiro do Grupo Político BNG e o voto do concelleiro do Grupo Mixto (GS), absténdose o concelleiro do Grupo Mixto (PP),

## **ACORDOU:**

**Primeiro:** Aprobar definitivamente o expediente de Irmandade entre o Concello de Moaña e o Concello de Meira, así como o programa de actividades de Irmandade.



CONCELLO DE MEIRA  
CIF.: P2702900H  
Praza do Concello, s/n  
27240 Meira (Lugo)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
email:concello.de.meira @eidolocal.es

**Segundo:** Asumir o compromiso de dotar progresivamente nos vindeiros orzamentos municipais de partida específica para a Irmandade, coa finalidade de contribuír ao financiamento das actividades ou dos desprazamentos necesarios para o desenvolvemento do Programa de Irmandade.

**Terceiro:** Dar publicidade ao presente acordo a través da páxina web do concello, engadindo un enlace no que poder consultar o Programa de Actividades de Irmandade.

**Cuarto:** Dar traslado do presente acordo ao concello de Moaña.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde na data da sinatura electrónica.

A secretaria accidental

Visto e prace  
O alcalde  
Antonio de Dios Alvarez

Documento asinado electrónicamente

